



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A PAZ EN PALESTINA
Aprobada polo Pleno do Parlamento de Galicia
o 30 de maio de 07

Transcorridos cincuenta e nove anos desde a expulsión de case un millón de palestinos, a violencia segue a desangrar esa terra. Após de case seis décadas de desterro, o pobo de Palestina apenas conta coa presión e solidariedade internacionais para, sobre a base do cumprimento íntegro das resolucións das Nacións Unidas –entre elas a relativa á criazón dun Estado palestino- poder pór fin ao conflito que o enfrenta con Israel, para o que é imprescindible o cesamento da violencia e da ocupación.

Sobre esta base de respecto e aplicación do Dereito Internacional e os dereitos humanos, o Parlamento de Galicia quer manifestar a súa solidariedade co pobo palestino e o seu compromiso activo a prol dunha paz xusta e duradoira nese país.